

NUM-CONSULTA: V0001-11

ÓRGANO: DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

DATA DE SAIDA: 28/01/2011

NORMATIVA:

- Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns.
- Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias.

DESCRICIÓN- FEITOS:

Consulta tributaria sobre a aplicación dos beneficios fiscais previstos nos artigos 13 da Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, e 11 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias.

CUESTIÓNS FORMULADAS

Consulta 1

Posibilidade de aplicar o beneficio fiscal previsto no artigo 13 da Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, no caso de doazón do capital social se se efectúa no momento de transformar e SAT nunha sociedade limitada, e tendo en conta que o doador non

percibía remuneracións polo desempeño de funcións de dirección na empresa, a pesar de formar parte da Xunta Reitora e exercer funcións de dirección.

Consulta 2:

Se se entende cumprido o requisito do artigo 13.g) da Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns ao tratarse dunha transformación dunha SAT nunha SL con todo o seu activo e pasivo e non da constitución dunha sociedade nova.

Consulta 3:

Se en virtude da Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias, podería acollerse ao beneficio fiscal establecido no artigo 11 de dita Lei, considerando que o que subscribe está dado de alta no sistema especial de traballadores agrarios incluídos no réxime especial de traballadores por conta propia, percibindo máis do 90% dos seus ingresos da SAT como rendementos do traballo efectuado en dita explotación.

CONTESTACIÓN COMPLETA

En relación coa súa consulta, este Centro Directivo informa o seguinte:

Consulta 1

Posibilidade de aplicar o beneficio fiscal previsto no artigo 13 da Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e

doazóns no caso de doazón do capital social se se efectúa no momento de transformar a SAT nunha sociedade limitada, e tendo en conta que o doador non percibía remuneracións polo desempeño de funcións de dirección na empresa, a pesar de formar parte da Xunta Reitora e exercer funcións de dirección.

Normativa:

Artigo 13 da Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns.

"Nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99% do valor de adquisición, sempre e cando concorran as condicións seguintes:

- a) Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b) Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións desde o momento da transmisión.
Para estes efectos, non entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.
- c) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data de devengo do imposto.

- d) Que na data do devengo do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada no punto 8º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto de patrimonio....
- e) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.
- f) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto de acordo co establecido nos puntos anteriores deste artigo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.
- g) Que a empresa individual ou entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores ao de devengo do imposto. "

Resposta

Para poder aplicar a redución a que se refire o artigo 13 da lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, é necesario cumprir todos e cada un dos requisitos que no mesmo se recollen.

De acordo co indicado, e considerando os datos proporcionados no escrito de consulta, resulta que non se cumpre o requisito sinalado na letra:

d) Que na data do devengo do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada no punto 8º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

A consulta 2110/03 do Ministerio de Economía e Facenda sinala que as sociedades agrarias de transformación aplícaselle o artigo 4.8.2 da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto do patrimonio, no cal se recolle que estará exento a plena propiedade, a núa propiedade e o dereito de usufruto vitalicio sobre as participacións en entidades, con ou sen cotización nos mercados organizados, se se cumpre entre outros o requisito de que o suxeito pasivo exerza efectivamente funcións de dirección na entidade, percibindo por iso unha remuneración que represente máis do 50% da totalidade dos rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal.

No suposto descrito, a persoa doante, suxeito pasivo do imposto de patrimonio, exerce funcións de dirección pero non percibe remuneración algunha por iso, polo tanto, non ten dereito á referida exención no imposto de patrimonio, e polo tanto, non se cumpre o requisito do artigo 13.g) da Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns

Do indicado, e conforme os datos proporcionados no escrito de consulta, non ten dereito a aplicación da redución prevista no artigo 13 da Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns

Consulta 2:

Se se entende cumprido o requisito do artigo 13.g) da Lei 9/2008 do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns ao tratarse dunha transformación dunha SAT nunha SL con todo ou seu activo e pasivo e non da constitución dunha sociedade nova.

Normativa:

O referido artigo 13.g) da Lei 9/2008, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns.

Resposta:

O sinalado artigo 13.g) sinala que "Que a empresa individual ou entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto. "

Enténdese cumprido o referido requisito, no mencionado suposto de transformación da entidade, sempre que o obxecto social sexa o mesmo.

Consulta 3:

Se en virtude da Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias, podería acollerse ao beneficio fiscal establecido no artigo 11 de dita Lei, considerando que o que subscribe está dado de alta no sistema especial de traballadores agrarios incluídos no réxime especial de traballadores por conta propia, percibindo máis do 90% dos seus ingresos da SAT como rendementos do traballo

efectuado en dita explotación.

Resposta:

Conforme ao artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, esta Dirección Xeral non é competente para contestar consultas tributarias que non se refiran á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma en exercicio das súa competencias normativas.

No caso de querer presentar a consulta tributaria nº 3 a que se fai referencia no seu escrito, debe remitila ao órgano competente, isto é, Ministerio de Economía y Hacienda, Dirección General de Tributos.